



O gran camanduleiro non tiña máis vicio que o de xogar á lotería, e sempre mandaba un realiño de participación ó Asilo de probes. Os probes teñen moito valimento no ceo e ¡quén sabe!, porque lle tocase ós probes podíalle tocar a el. E unha vez tocóulle, e a súa riqueza medróu moito. Pero tiña un fillo...

Por fóra semellábase ós cambistas que pintóu Roymerswael e por dentro tamén. Tiña unha «tenda de diñeiro» e cando se achegaba unha vítima collían os seus beizos un aquel de ledicia, coma se lle rañasen os proídos do lombo; pero na súa faciana endexamáis se pousóu a risa limpa dos homes de ben. Era millonario e ruín o gran camanduleiro, e tiña tanta xente collida nos seus papeles que ademáis de noxo daba medo. Pero tiña un fillo...

O fillo do gran camanduleiro foi o vingador das vítimas do pai. O diñeiro que o vello arrepañara con tanta pacencia foi gastado ledamente polo fillo en tódolos vicios do mundo.

\* \* \*

O vello, eivado, morríase de carraxe ollando cómo o fillo desfacía a súa obra, e un día díxolle:


—Hei de amolarte, que has de ir ó servicio, porque eu non te libro.

E o fillo respondéulle:

—Bo, bo, bo. Eu hei de librar por fillo de viuda probe.

E así foi.

*(El Pueblo Gallego, 24-IV-1927)*



Xulián, o estudante, abafábase de tristura na súa vila silandeira. O día era borrallento e murrinoso. As galiñas xuntábanse nas portas fechadas e os terróns do Camposagro regañaban de sede...

Os montes ardían e o ceo enchíase de farrapos desfiañados. Xulián sentouse debaixo dun castiñeiro para aventar pensamentos desasisados. Na súa testa batían araxiñas de vento morno.

Cando Xulián adormecía de murria, debruzado na herba, reparou que o fitabao os ollos acesos dunha rapaza belida.

—¡Qué bonita! —dixo Xulián. E a rapaza botouse a rir cos ollos escintilantes.

—¿Queres sentarte cabo de min? —dixo Xulián. E a rapaza sentouse.

Xulián, o estudante, xa non sentía tristuras naquela tardiña borrallenta. E cando as mans de Xulián collían as mans da rapaza pasou por alí unha vella e dixo:

—¡Malpocadiña! Xa fai moitos días que se volvéu tola.  
E os ancios de Xulián queimáronse nas labaradas da súa conciencia.

*(El Pueblo Gallego, 1-V-1927)*



O señor Andrés, desde que foi «cabo de banderas» no servizo do rei, sente un amor desasinado por tódolos panos de coores que flamean ó vento na punta dun pau. Eu xúrovos que a idea de patria non xoga no seu amor ás bandeiras, pois eu vin moitas veces asolagados en bágoas os ollos do señor Andrés, cando arriaban a insinia de barcos estranxeiros, ingleses, alemáns, rusos... Nos días de festa o señor Andrés quédase aparvado no peirán, a estremecer de arrufío diante dos barcos engalanados. Unha bandeira de calisquera nación ou de calisquera matrícula é a suprema ledicia do señor Andrés e moitas bandeiriñas de coores enfiadas nunha corda son a mellor regalía dos seus ollos vellos.

O señor Andrés tolea polos panos fermosos e na súa casa hai colchas antergas que saen á fiestra nos días de procesión. Son as

insinias da casa, que reločen ó sol pra fachenda do dono. Unha vez un can esgazoulle unha colcha e o señor Andrés chorou bágoas, como peras urracas.

O señor Andrés, como xa é velliño e foi ó servicio do rei, conta mentiras que fan rir ós mozos. Son mentiras en que sempre aparecen bandeiras, panos, lenzos...


—Unha vez o rei embarcou no noso barco para facer un viaxe e díxome o capitán, que me quería moito: «Andrés: tes que ir deseguida a terra e mercar cachos de seda, raso... do mellor que atopas nas tendas». E merquéi unha fartura de retales que valían máis de mil réas.

—¿E para qué eran, señor Andrés? —perguntéille eu.

E o señor Andrés midéume cos ollos e díxome con desprezo:

—¡Parece mentira que sexas home de letras! ¿E logo ti pensas que o rei limpia o «aquele» con un papel?

*(El Pueblo Gallego, 3-VII-1927)*



Quen vexa isas mans enrugadiñas saíndo dun hábito de coor nazareno, ben ourelado de fita prateada, non pode adiviñar que son aquelas mans tan fortes no goberno do barco, aquelas mans que repenicaban as castañolas na danza de espadas. Mans de mariñeiro que levan un erro de ortografía tatuado na izquerda e unha angla tamén tatuada na dereita.

Son as mans do «guía», que morréu ós oitenta anos, deixando nove fillos e coarenta netos; pero ninguén dos seus nin dos alleos herdará o seu amor á tradición.

O «guía» da danza de espadas morréu para sempre.

*(El Pueblo Gallego, 26-VI-1927)*